

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA  
CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ E  
CIENCIAS NATURAIS, SOCIAIS E PLÁSTICA.  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
  - Estándares de aprendizaxe de Matemáticas ----- (páx. 1 - 3)
  - Estándares de aprendizaxe de Lingua Galega ----- (páx. 4 - 8)
  - Estándares de aprendizaxe de Lingua Castelá ----- (páx. 9 - 11)
  - Estándares de aprendizaxe de Ciencias Naturais ---- (páx. 12 - 14)
  - Estándares de aprendizaxe de Ciencias Sociais ---- (páx. 14 - 15)
  - Estándares de aprendizaxe de Plástica ----- (páx. 15 - 15)
  
- 2. Avaliación e cualificación. ----- (páx. 16 – 17)**
  
  
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación). ----- (páx. 18 – 19 )**
  
  
- 4. Información e publicidade. ----- (páx. 20)**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
MATEMÁTICAS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relación entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
	MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e intrpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución...
B1.3. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionar información relevante en internet ou en outras fontes.	MTB1.3.1. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, para aprender e resolver problemas.
	MTB1.3.2. Usa os medios tecnolóxicos para buscar información e contrastar a mesma.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
	MTB2.1.1. Aproxima números á decena, centena e millar.
B2.6. Orde numérica. B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar. B2.7. Redondeo de números naturais, ás decenas, centenas e millares.	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.
	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.3. Resolve problemas utilizando multiplicacións.
	MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas.

B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas de razoamento.
	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións.
B3.4. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Resolve problemas de medida utilizando estratexias heurísticas e de razoamento.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 20	CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ , C. NATURAI, C. SOCIAIS E PLÁSTICA.
---	----------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
LINGUA GALEGA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.
	LGB1.2.2. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
	LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 20	CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, C. NATURAI, C. SOCIAIS E PLÁSTICA.
---	----------------	--

B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.	LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
	LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar comprensión,cando é preciso.
B2.5. Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.	LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.
	LGB2.5.2. Utiliza de xeito guiado dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
B2.7.Usar as bibliotecas de aula, e de centro,respectando as normas básicas de funcionamento, e participar en actividades literarias. <b>Neste terceiro trimestre fomentárase a lectura e a participación en actividades que se propoñan desde o blog da Aula e blog da Biblioteca</b>	LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro.

B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	LGB2.9.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
	LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aquelas que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.
B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais sinxelos (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos. LGB3.6.2. Ilustra de maneira creativa os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión escrita.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...

	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
--	---

B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
	LGB4.1.2. Identifica as formas verbais.
	LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
	LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
	LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambiálo.
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cingirse a elas.
	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
	LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.



B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
B4.4. Recoñecer e empregar conectores básicos.	LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa.
B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.	LGB4.6.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
	LGB4.6.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.
B5.2. Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles****LINGUA CASTELÁ**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios...
	LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
	LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.
B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
	LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.
B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.
B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos	LCB2.1.1. Lee en voz alta dificultades, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
	LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral,

	entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.
B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.
B2.5. Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. <b>Neste trimestre empregarán os libros da biblioteca de aula que levaron para a casa, caderno de comprensión lectora e lecturas de textos que se propoñan no blog da Aula ou no blog da Biblioteca.</b>	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula. <b>Neste trimestre consultarán no blog da Aula e no blog da Biblioteca.</b>
B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos, informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...
	LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 10 DE 20	CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, C. NATURAIS, C. SOCIAIS E PLÁSTICA.
---	-----------------	---

	LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc
B3.6. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.6.1. Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.
	LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.
	LCB4.1.3. Diferenza de familias de palabras.
	LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas través Do uso da lingua.	LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita.
	LCB4.2.3. Recoñece a oración simple, distinguindo suxeito e predicado.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.3.1. Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos Escritos sinxelos
	LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
	LCB4.3.3. Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas.
	LCB4.3.4. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
B4.4. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.4.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.
B5.1. Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información.	LCB5.1.1. Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
CIENCIAS NATURAIS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CNB1.2. Utilizar a lectura e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos valorando a súa contribución á mellora das condicións de vida de todas as persoas.
	CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas da súa contorna mediante a observación obtén unha información.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
	CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.

B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sá na escola.
	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.
	CNB2.3.2. Diferenza entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico.
	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.
	CNB3.1.4. Verbaliza e comprende a importancia das plantas e dos animais nos diferentes ecosistemas.
	CNB3.1.5. Comprende e verbaliza as cadeas alimentarias e a importancia para a supervivencia dos ecosistemas.
B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.

CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>		
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencias Clave</b>
Valórase o esforzo, claridade e pulcritude nos traballos presentados	Planifica, organiza e plasma información de forma oral ou escrita, coidando a súa presentación	CAA CCL CD CMCCT CSIEE
Coñece a terminoloxía propia da área e comprende os textos sinxelos relacionados coa mesma	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social ou xeográfico.	CMCCT CSC CCL
Recoñece as características dos elementos principais do Sistema Solar e sabe explicar de forma razoada as consecuencias que teñen lugar no mesmo.	Nomea elementos principais do Sistema Solar e recoñece algunha das súas características básica coma os movementos terrestres e as consecuencias do eixe e o xiro dos polos xeográficos	CCMT CCL
Identifica as distintas formas de representar a superficie terrestre e localiza o lugar onde vive.	Interpreta as distintas formas de representación da Terra.	CMCCT CAA CCL
Explica como se produce o ciclo da auga e as súas fases	Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	CMCCT CAA

relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.		
Valórase a claridade expositiva e a argumentación baseada en datos obxectivos	Explica o impacto do home sobre o medio e a atmosfera e propón medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable	CSC CCL
Valórase claridade expositiva e a argumentación baseada en feitos	Diferenza entre materias primas e produtos elaborados e asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna	CMCCT CCL

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

#### PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Utiliza material diverso para as súas creacións.	Manexa material diverso para producións plásticas (lapis de cores, rotuladores, folios, papel reciclado)	CAA CCEC
Sabe buscar e extraer información e coller ideas a través das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS)	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse e para axudarse nas súas creacións	CD CSC CCEC CAA



Partindo da Programación de aula os criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado serán modificados debido a esta situación excepcional na que nos atopamos.

A avaliación neste 3º trimestre será continua, formativa, integradora e diagnóstica. As aprendizaxes avaliadas só terán valor positivo para as cualificacións dos alumnos. A avaliación final do curso estará baseada nas aprendizaxes que se levaron a cabo nos dous trimestres anteriores e teranse en conta as actividades de repaso, reforzo ou ampliación das realizadas no terceiro. Matizaremos que, estas últimas, sempre se valorarán en beneficio do alumnado.

Como norma xeral, a repetición será unha medida excepcional. O profesorado elaborará un informe individual de cada alumno no que se reflexará a valoración do traballo realizado e os desfases que se poidan orixinar derivados desta situación. Elaborarase un plan de recuperación para o vindeiro curso 2020-2021.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: probas escritas, cuestionarios de comprensión lectora, probas de repaso e reforzo das distintas materias.
-------------------	--

	Instrumentos: rexistro semanal cualitativo e cuantitativo das correccións, rúbricas, observación e anecdotario.
<b>Cualificación final</b>	<p>Na cualificación final deste curso 2019-2020 realizarase a media do 1º e 2º trimestres. O alumnado que non acadase unha cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación poderá superar a materia demostrando, coas tarefas presentadas, que acadou os estándares definidos como esenciais para este 3º trimestre.</p> <p>Neste terceiro trimestre valoraranse as actividades solicitadas e presentadas, así como a participación nas tarefas propostas para a mellora do desenvolvemento das competencias básicas.</p> <p>Se a valoración do terceiro trimestre é positiva engadirase como suma á media obtida nos dous trimestres anteriores, e coa media das dúas partes obterase a nota final que será tida en conta para favorecer a cualificación do alumno/a, nunca para prexudicar o resultado final. Se a media que resulta é inferior á das aprendizaxes presenciais (1º e 2º trimestres) non se terá en conta, primando así a anterior.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Na aula de 3º de Primaria non hai alumnos/as con materias pendentes dos trimestres anteriores, pero si alumnos con dificultades de aprendizaxe que acadaron os obxectivos mínimos con reforzo educativo. A mestra de Pedagogía Terapéutica propón actividades para reforzar contidos que se están a traballar e mantense un contacto frecuente coas familias, e cos propios nenos a través do teléfono móbil, mantendo conversas, enviando audios e algunha explicación por vídeo, xa que se trata de alumnos que precisan moita axuda e motivación.

Neste trimestre, semanalmente, solicítanse determinadas actividades para revisalas e enviarlles as correccións aos alumnos e alumnas facéndolles chegar a valoración do esforzo e do traballo que realizan. Coa maioría das familias foi unha dinámica de traballo que se iniciou no mes de marzo.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 17 DE 20	CENTRO: CEIP RAMÓN DE VALENZUELA CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ , C. NATURAI, C. SOCIAIS E PLÁSTICA.
---	-----------------	---

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

Nos distintos apartados da páxina web do centro o alumnado pode acceder ás diferentes propostas de actividades dos mestres/as especialistas, na propia aula a través do Blog Pícaros, e nas diferentes seccións do centro: departamento de Orientación, Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega, Radio Garabullo, Voz Natura...

As actividades plantexadas son de recuperación, reforzo e repaso de contidos dos trimestres anteriores orientadas á consecución dos estándares de aprendizaxe, así como outro tipo de propostas de ampliación que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas. Exercicios que favorecen a expresión escrita, cuestionarios online con textos para traballar a comprensión lectora co envío e comprobación directa das respostas, fichas de resolución de problemas e cálculo. A planificación do traballo é semanal.

No blog da Aula <http://www.medrарxuntos.blogspot.com/> poden acceder á información que se lle ofrece sobre temas que se están traballando con material de repaso de aspectos gramaticais, ortográficos, matemáticos, comprensión de textos, ampliación de información e afianzamento de contidos.

Cada tarefa está acompañada das instrucións necesarias para o seu desenvolvemento incluíndo documentos coas explicacións oportunas. En ocasións, as explicacións van acompañadas de publicacións audiovisuais dispoñibles en internet para reforzar e consultar sobre a temática que se está a traballar.

Os alumnos/as participan achegando vídeos, mensaxes de audio e fotografías sobre tarefas que se propoñen coa intención de reforzar a expresión oral, a comprensión lectora, o hábito lector, así como a súa motivación para participar nas diversas actividades axudando a dinamizar o proceso de ensino aprendizaxe cada semana. Ao remate da semana envían algunhas das actividades solicitadas pola titora para as correspondentes correccións.

<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Neste terceiro trimestre empregaranse os mesmos principios metodolóxicos que aparecen recollidos na programación de aula. Aplicarase unha metodoloxía global, participativa, activa e inclusiva que se axustará ás diferentes circunstancias persoais de cada familia. Intentarase, a pesar da situación excepcional, manter a motivación dos alumnos/as prestando unha atención individualizada e implicándonos no seu proceso de aprendizaxe, guiando e fomentando a súa capacidade de autonomía e organización.</p> <p>Desde o inicio do estado de alarma, mantívose unha comunicación continua coas familias e cos alumnos/as mediante conversas telefónicas, correos electrónicos, videochamadas e mensaxes a través do teléfono móbil.</p> <p>Esta comunicación permítenos estar en contacto para ter información sobre as diferentes situacións familiares, adaptando os tempos de envío de tarefas e comentando e aclarando as dúbidas que xorden.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Como materiais e recursos didácticos empregáronse as TIC mediante o blog da Aula “Pícaros” <a href="http://www.medrarxuntos.blogspot.com/">http://www.medrarxuntos.blogspot.com/</a> no que se suben as propostas que poden imprimir ou visualizar directamente en calquera dispositivo dixital. Algún dos alumnos que non tiña a posibilidade de imprimir recibe as tarefas no seu domicilio grazas a unha proposta do Concello que se ofrece a imprimir e repartir as fichas que se colgan nas páxinas webs dos centros da zona.</p> <p>O último día de clase levaron para as súas casas algúns libros de texto, os seus cadernos de lecturas “Mis lecturas favoritas” e libros de lectura da biblioteca de aula .</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As familias reciben a información necesaria a través da páxina web do Centro, o blog da Aula, correos electrónicos, chamadas telefónicas e mensaxes do teléfono móbil.
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro “CEIP Ramón de Valenzuela”